

2

Ana María Arias Castro

CPI Tino Grandío, Guntín (Lugo)

arias@edu.xunta.es

Etwinning: a dimensión europea na clase de inglés

Dende o Departamento de Inglés do CPI Tino Grandío de Guntín (Lugo) levamos anos intentando que os nosos alumnos aprendan inglés dentro dun contexto comunicativo o máis real posible. Con este obxectivo, no segundo e terceiro trimestres do curso 2007/2008, e a través do portal etwinning (www.etwinning.net), decidimos contactar con outro centro escolar que posibilitase un receptor real para os materiais que iamos elaborar. O elixido foi o instituto Adolph-Diesterweg-RS Stralsund en Alemaña.

Para o proxecto escollemos os grupos da sección bilingüe de terceiro e cuarto de ESO. O alumnado tiña que realizar unha serie de materiais para dar a coñecer o noso instituto aos compañeiros alemáns, polo que na clase de inglés e en pequenos equipos, ía creando distintas presentacións sobre aspectos do noso país: Guntín, Lugo, Galicia, España, tradicións e festas, o noso colexio, nós mesmos, etc.

Tamén na aula analizabamos as presentacións e materiais que nos chegaban. Paralelamente formamos parellas entre o alumnado, co fin de que puidesen iniciar unha relación por *e-mail*. Dado que a actividade resultou de proveito e achegou moito como complemento á clase de inglés e á sección bilingüe en Ciencias Sociais, decidimos facela máis ambiciosa e, no curso 2008/2009, incluimos centros de máis países: Hungría, Lituania e Polonia, e estendémola a todo o curso escolar.

57
eduga

Revista Galega do Ensino

Por que entramos en etwinning?

Basicamente, entendemos esta actividade de etwinning como complemento á materia de Lingua Inglesa. Necesitabamos un contexto real que xustificase a elaboración de materiais que estivesen redactados nesta lingua cunha certa calidade. Os nosos obxectivos eran e son claros, e para todos eles etwinning proporcionábanos un medio ideal.

Por un lado, permitíanos usar o inglés como medio de comunicación e non como un fin en si mesmo. Traballabamos a gramática dos programas oficiais, pois as presentacións eran elaboradas polos alumnos, pero estaban orientadas pola profesora, dentro do marco da clase que cada semana dedicabamos a este tipo de actividades. Tamén utilizabamos o vocabulario visto ao longo das unidades do trimestre e orientabamos o alumnado para que na súa correspondencia persoal tratase os temas estudados. Isto incluía, obviamente, a materia de Ciencias Sociais pertencente á sección bilingüe do centro.

Por outra banda, os estudantes redactaban cartas e *e-mails* empregando a estrutura formal axeitada, as fórmulas máis habituais e as normas básicas de cortesía nestes casos. Así dabámoslle á clase de inglés unha dimensión europea, e non exclusivamente británica, pois empregabámolo como lingua franca entre falantes non nativos. Algúns destes alumnos viaxarán mediante intercambios Erasmus, ou outro tipo de estadias en países europeos, e ben seguro que a experiencia lles reportará interesantes vantaxes.

Non hai que esquecer tampouco a posibilidade que se nos brindou á hora de integrar as TIC, con todo

o seu potencial, nunha clase ordinaria e de forma tan natural; o indispensable traballo en equipo, co reparto de tarefas; as exposicións orais ante o grupo e, sobre todo, a participación de cada un coas súas suxestións, antes do envío de cada lote de material ao outro centro. Neste ambiente, os rapaces aprendían a tomar decisións na realización do traballo propio e a analizar criticamente o desenvolvido polos compañeiros doutros países.

Os contidos traballados son bastante amplos e veñen coincidindo cos reflectidos na nosa programación para os cursos de terceiro e cuarto de ESO: comunicativos, gramaticais, de vocabulario, etc. Entendemos que a importancia de irmandarse con outros centros non radica no feito de tratar contidos que non queden ben cubertos cunha forma de traballar máis tradicional. Para nós a diferenza está nos obxectivos de fondo e na metodoloxía utilizada.

A nosa dinámica de traballo

A metodoloxía que decidimos empregar estaba centrada na realización de materiais varios en lingua inglesa, deixando a corrección lingüística nun segundo plano. Queríamos que o alumnado se sentise motivado, que se lanzase a buscar documentación, redactar, corrixir, ilustrar, etc. Por iso a aula de informática pasou a ser o noso centro de operacións mentres duraba a sesión que cada dúas semanas tiña reservada o proxecto. Neste espazo, todo o material estaba á nosa disposición: encerado dixital para ver as presentacións, ordenadores, escáner, cámara de fotos, Internet...

O traballo en grupo foi sumamente proveitoso e penso que todo o alumnado se implicou con gusto e aprendeu informática práctica, pois entre eles foron compartindo

os coñecementos que tiñan. Tal era a motivación, que en moitos casos aproveitaban os recreos para intentar impresionar os compañeiros con grandes efectos, numerosas fotos, ou elaborados textos.

Con todo, é difícil organizar unha actividade deste tipo, ben estruturada e prolongada no tempo, sen contar cunha serie de recursos mínimos. Nós dispoñemos dunha aula de informática ben equipada para ESO e nun centro con pouco alumnado. Temos encerado dixital e aproveitámolo para ver as presentacións antes de envialas, e tamén para valorar as que recibimos dos outros centros antes de mandarlles o noso comentario. Contamos con máis dun ordenador para cada grupo de traballo, e con escáner e cámara dixital sempre que se necesitan.

Ademais, este curso a calidade da conexión a Internet mellorou notablemente. Ata ese momento esta era a eiva máis importante que tiñamos que aturar.

Otro elemento fundamental que non podemos obviar é o tempo. No noso centro impártese unha hora adicional de Inglés á semana nos grupos de sección bilingüe, na que o alumnado de terceiro e cuarto pode realizar estas tarefas. En realidade só usamos unha hora cada dúas semanas, quedando a outra para outro tipo de actividades. Pensamos que é un excelente complemento, pois traballamos a produción oral e escrita dunha forma diferente, o que repercute logo na materia de Ciencias Sociais, impartida en inglés.

Finalmente, o elemento máis decisivo é o propio alumnado, que aceptou entrar neste proxecto sabendo que podería supoñer unha maior dificultade, e que tería unha hora máis de clase á semana. Esta disposición e motivación son, sen dúbida, clave para o éxito de iniciativas etwinning.

Como traballar en etwinning?

Para traballar con etwinning o primeiro que cómpre facer é entrar na páxina web e rexistrarse. Realizado isto, podemos movernos por este espazo e familiarizarnos coas súas posibilidades: foro para contactar con outros profesores, ver proxectos en funcionamento ou que buscan novos membros, consultar o correo daqueles profesores que contacten connosco ou contactar con eles, ver as publicacións de etwinning, elaborar ou modificar o noso perfil ou o do noso centro escolar, etc. Se temos algún proxecto xa funcionando entramos nel, e unha vez nesa páxina, podemos traballar, subir materiais, ver o dos centros irmandados, ou entrar no *blog* desde o que facemos o seguimento do proxecto. Tamén nos permite comunicarnos cos nosos socios. Deste xeito, se se ten o proxecto perfilado e en marcha, o día a día é relativamente sinxelo.

No noso caso, as cinco profesoras acordamos o que íamos facer e fixamos uns prazos flexibles, posto que cada colexio ten uns horarios e situacións diferentes. No primeiro trimestre deste curso acordamos elaborar unha serie de presentacións sobre aqueles temas que entendemos que son máis útiles para presentarnos a nós e ao noso país ante os colexios irmandados. Xunto cos meus alumnos decidimos que os temas fosen catro: Lugo, España, o noso colexio e o Nadal en España.

Este último pensamos que era apropiado, pois tiñamos como meta colgar as presentacións no portal etwinning antes das vacacións e podía ser de interese, sempre que chegase a tempo. O alumnado distribuíuse por grupos creados ao chou, e os temas decididos foron adxudicados, así



mesmo, por sorteo. O prazo de elaboración foi amplo e non houbo problema. Contaron con bastantes clases e coa facilidade de poder usar a aula de informática fóra do horario. A implicación foi total, xa que non se centraron unicamente nos textos senón tamén na escolla das fotos, no deseño da presentación, etc. Como profesora só había que orientar o traballo e axudando aparecían dúbidas. Antes de subir as presentacións, cada grupo tivo que defender oralmente a súa e escoitar as críticas e comentarios dos compañeiros. A par, estableceuse un sistema de correspondencia entre os estudantes dos diferentes países que resultou enormemente interesante.

Valoración da experiencia

O proxecto pode cualificarse de altamente motivador e satisfactorio, como queira que se foron superando as dificultades iniciais a poder de vontade e traballo. O maior risco era que o centro irmandado non respondese debidamente. De feito, isto xa nos pasara nunha experiencia anterior. Estes resultados leváronnos a seguir co colexio alemán e a amplialo a novos países. Actualmente traballamos con cinco centros, o que significa que co mesmo esforzo obtemos moito máis material.

Á parte, o alumnado amosa un alto nivel de motivación ante a posibilidade de entrar en contacto con rapaces doutros países e, de forma

complementaria, manter correspondencia por *e-mail* ou correo ordinario. Como remate, a finais de curso esperamos realizar unha exposición cos materiais recibidos.

A nosa intención é seguir elaborando proxectos dentro do marco etwinning e procurar que o noso alumnado se forme máis alá do ámbito escolar ordinario. Será difícil atopar outro sistema de relación equiparable en facilidade de uso e funcionalidade para o ensino. E, sen dúbida, moito profesorado podería atopar en etwinning un lugar ideal para contactar con profesorado doutros países e levar a cabo proxectos interesantes e enriquecedores para todos.

Bibliografía

Na epígrafe de publicacións da páxina www.etwinning.net atopamos diversas guías en formato PDF sobre o funcionamento do portal e ideas acerca de como aproveitar as súas posibilidades. Algúns destes materiais están só en inglés, pero a maioría aparecen noutros idiomas da Unión. Destacaría un libro e un CD, porque achegan exemplos interesantes sobre boas experiencias etwinning. Ambos os dous poden descargarse dende etwinning.

SERVICIO CENTRAL DE APOIO ETWINNING (Ed.) (2008) *Etwinning. Una aventura a través de la cultura y los idiomas*. Bélxica, Servicio Central de Apoyo eTwinning-European Schoolnet.

SERVICIO NACIONAL DE APOIO (2008) *Etwinning. Hermanamientos escolares europeos*. CD